

FATIMA

[Philippe Faucon, 2015]

121

ESTREA EN NUMAX: 03.06.2016 | V.O.S.E.

FICHA TÉCNICA

Fatima (2015, 79')

Dirección: Philippe Faucon

Guión: Philippe Faucon (Fatima Elayoubi: Libro).

Reparto: Soria Zeroual, Zita Hanrot, Mehdi Senoussi, Franck Andrieux, Yolanda Mpele

Montaxe: Sophie Mandonnet

Son: Thierry Morlaas-Lurbe

Dirección de arte: Dominique Sinibaldi, Laurent Thevenot

Música: Robert Marcel Lepage

Fotografía: Laurent Fenart

Produtora: Istiqlal Films, Arte France Cinéma, Possibles Média, Rhône-Alpes Cinéma (Francia)

Distribuidora: Surtsey Films

Formato de proxección: DCP 2K, 1.85:1

FILMOGRAFÍA

La désintégration, 2011

En la vida, 2007

La traición, 2005

Samia, 2000

Sabine, 1993

PREMIOS

César 2015 (Mellor filme, guión adaptado e actriz revelación),

Lumière 2016 (Mellor guión).

SINOPSE

Fatima é unha muller inmigrante que vive en Francia xunto ás súas dúas fillas: a rebelde adolescente de quince anos Souad e Nesrine, que aos seus dezaoto acaba de comezar a carreira de medicina. Fatima non sabe falar ben francés e está preocupada polo futuro das súas fillas, que son o seu orgullo e ledicia, pero tamén a causa de que perda o sono.

«Nunha Francia a cada pouco máis abafante, *Fatima* é un verdadeiro sopro de osíxeno»

Serge Kaganski, LES INROCKUPTIBLES



FATIMA

[Philippe Faucon, 2015]

«Alí onde se manque a uns país, haberá un neno en cólera»

Entrevista con Philippe Faucon

Por que decide adaptar libremente *Prière à la lune*, de Fatima Elayoubi?

O proxecto propúxome Fabienne Vonier, que logo sería a produtora do filme. O libro é unha pequena recolleita de poemas, pensamentos, diversos fragmentos escritos, e unha vez que o lin comecei a pensar que tipo de filme podería facer. Comprendín mellor a intuición que tivera Fabienne cando coñecía a Fatima Elayoubi, que é unha persoa extraordinaria. Ela veu a Francia seguindo o seu marido, sen saber escribir nin falar francés, e non tivo acceso máis que a traballos moi precarios. Tivo que traballar de limpadora toda a vida e tardou en aprender a ler e escribir debido aos seus horarios laborais e as dificultades da vida. Aprendeu practicamente soa, descifrando todo cando texto caía nas súas mans. Hoxe a súa expresión é rica e minuciosa, sentindo a necesidade de empregar a palabra que expresa coa maior exactitude o que ela sente ou pensa. Axiña me sentín implicado nun proxecto que non era doado nin de escribir nin de financiar.

A partir de Fatima, o personaxe principal achega o retrato de tres mulleres pertencentes a xeracións diferentes, abordando problemáticas que lles son propias. Si, porque as tres viven no seo da mesma célula familiar mais desenvolvéronse en universos diferentes, que establecen e acentúan a diferenza entre elas, as ignorancias e incomprensións dunhas a outras. Existía a barreira lingüística, que é reveladora das diferenzas dos mundos nos que evolucionaron por separado. Fatima non comprende a lingua dos estudos que emprende Nesrine, nin a lingua da rúa que fala Souad. Igualmente as dúas mozas descoñecen todo o que a súa nai escribe en árabe no seu caderno.

Si, porque as tres viven no seo da mesma célula familiar mais desenvolvéronse en universos diferentes, que establecen e acentúan a diferenza entre elas, as ignorancias e incomprensións dunhas a outras. Existía a barreira lingüística, que é reveladora das diferenzas dos mundos nos que evolucionaron por separado. Fatima non comprende a lingua dos estudos que emprende Nesrine, nin a lingua da rúa que fala Souad. Igualmente as dúas mozas descoñecen todo o que a súa nai escribe en árabe no seu caderno.

Efectivamente, a ausencia dun ensino da lingua francesa é unha das causas

do illamento de Fatima, mesmo de alienación. É un problema cotiá, nas relacións sociais e tamén na relación coas súas fillas, que falan francés a diario. Cada unha das tres posúe un nivel de linguaxe que se relaciona coa súa historia e a súa contorna cultural. Fatima aprende francés como pode, preguntando a Nesrine e Souad, ou en cursos de alfabetización no tempo que lle deixa libre o seu traballo. Ela sente unha gran frustración por comunicarse mal coas súas fillas, e fai todo o posíbel por seguir a escolarización de Souad, a pesar das súas carencias e as mofas desta última. Nesrine fala o francés dunha moza de segunda xeración que pode acceder, grazas ás súas lecturas e estudos, a cousas que seus pais non lle podían transmitir. Mais se a escoitamos con atención, veremos que comete algunhas incorreccións que denotan as súas orixes. En canto a Souad, ela fala a lingua propia das adolescentes da súa contorna social, inventiva e provocadora.

Vostede evidencia diferentes formas de violencia: aquela, insidiosa, da burguesía que emprega a Fatima, a subxacente da propiedade que non aluga o apartamento a unha moza con veu, e a máis evidente, de Souad, que se agarra brutalmente á súa nai. A violencia de Souad ten relación directa coa que sofre Fatima, mesmo se Souad a dirixe tamén contra a súa nai, á que lle reprocha que se deixe explotar. Mais hai un intre no que Souad entra en cólera e vemos a orixe da súa furia: a non aceptación da vida que leva a súa nai. Fatima compréndeo pois ten escrito no seu caderno: «Alí onde se manque a uns país, haberá un neno en cólera».

O filme ten un estilo naturalista, sen por iso ser un documental. Cales eran as súas prioridades en canto á posta en escena? Atopar o punto de encontro entre os intérpretes. Entre eles e os seus personaxes, nas diferentes situacións que teñen que confrontar. É unha aventura na que cómpre empregar todos os medios, atención, intuición, intercambio, co fin chegar a conseguir a encarnación dos personaxes na pantalla. Se o facemos deste xeito non estamos ante un documental, nin ante un filme naturalista no sentido pexorativo do termo, que implica a reprodución plana da realidade.

Publicado en: <http://panachecinema.ca/>
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

La mano invisible.

Isaac Rosa. Seix Barral

La noche de los proletarios.

Jacques Rancière. Tinta Limón

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME